

## **ROSA ANA PRADA QUEIPO, SECRETARIA DO CONCELLO DE AMES NA PROVINCIA DA CORUÑA**

**CERTIFICO:** QUE O PLENO DESTE CONCELLO LEVOU A CABO SESIÓN ORDINARIA O 29 DE AGOSTO DE 2013. DESA REUNIÓN REDACTOUSE A CORRESPONDENTE ACTA QUE LITERALMENTE DI:

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2013.-**

No salón de sesións da Casa do Concello de Ames, ás vinte horas (20:00) do día 29 de agosto de 2013, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, e coa asistencia das/os concelleiras/os seguintes:

<b>Grupo Municipal Popular</b>	<b>Grupo Municipal Socialista</b>	<b>Concelleiras/os non adscritas/os</b>
Mª Eugenia Martín Vicente Bernardo Moar Míguez Alfredo Taboada Alvelo Mª Carmen Verde Leboráns	José Francisco Doval Galán Isabel González Cancela Carmen Fraga Crespo José Pazos Balsa Francisco Villaverde Marcos José Manuel Miñones Conde	María Pilar Candocia Pita Xosé Anxo Doval Rey Ramón García Argibay Mª Dolores Fernández Álvarez Manuel J. Ferreiro Santiago Alfonso Rey López Emilio Martínez Carballeira

Non asisten, pero xustifican a súa ausencia, as concelleiras dona **Olalla Alvite del Río**, dona **María Gonzalez Gómez** e dona **Susana Mayo Redondo**.

Asiste o **interventor**, don José Antonio Rueda de Valenzuela.

Actúa como **secretaria** a titular da Corporación, dona Rosa Ana Prada Queipo.

#### **ORDE DO DÍA:**

##### **A) PARA DAR CONTA:**

**Punto primeiro.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.**

O señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, informa á Corporación que os decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria estiveron a disposición de todas/os as/os concelleiras/os na Secretaría Xeral, engadindo que o acceso aos decretos é libre para todas/os as/os concelleiras/os en calquera momento na Secretaría Xeral do Concello, e que, con ocasión da convocatoria dos plenos ordinarios, o que teñen a súa disposición é o libro oficial, en papel timbrado e numerado, ademais dos duplicados existentes nos distintos departamentos do Concello.

##### **B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:**

**Punto segundo.- Aprobación, se procede, de actas anteriores.**

O señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, somete a aprobación as actas correspondentes ás sesións ordinarias de 30 de maio, 27 de xuño e 29 de xullo de 2013, e pregunta se hai algunha intervención que facer sobre as mesmas. Intervén o concelleiro, don **Alfonso Rey López**, para dicir, substancialmente, que existen correctores e recomendar que se utilicen á hora de redactar as actas; pon o exemplo dos pronomes átonos e di que, ás veces se colocan mal. Engade que non se sente identificado coa lingua que se pón na súa boca.

Intervén a secretaria, dona **Rosa Ana Prada Queipo**, para dicir que respecto da acta de 30 de maio de 2013 hai que facer unha precisión consistente en que no punto quinto, por erro, poñía maioría simple cando realmente era maioría absoluta.

A acta correspondente á sesión de 30 de maio de 2013, coa corrección expresada pola secretaria, resulta aprobada por maioría absoluta co voto favorable dos membros presentes da corporación municipal e a abstención de don Francisco Villaverde Marcos por non estar presente nesa sesión.

A acta correspondente á sesión de 27 de xuño de 2013 resulta aprobada por maioría absoluta co voto favorable dos membros presentes da corporación municipal e a abstención de don Francisco Villaverde Marcos por non estar presente nesa sesión.

A acta correspondente á sesión de 29 de xullo de 2013 resulta aprobada por maioría absoluta co voto favorable dos membros presentes da corporación municipal e a abstención de don José Manuel Miñones Conde por non estar presente nesa sesión.

**Punto terceiro.- Fixación dos festivos locais para o ano 2014.**

Informa o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, que tal, e como se reflectiu na comisión informativa correspondente, a proposta que se fai este ano de festivos locais para o Concello de Ames no ano 2014 son o 29 de maio, a Ascensión, e o 24 de xuño, san Xoán; lembra o rogo feito polo concelleiro, don Alfonso Rey, de que, unha vez que sexa aprobado polo pleno, se comunique aos centros escolares.

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Fixar como festivos locais para o ano 2014 o 29 de maio (a Ascensión) e o 24 de xuño (san Xoán)

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia aos efectos de fixar o calendario laboral do ano 2014.

**Punto cuarto.- Expropiación forzosa, polo trámite de urxencia, para a obtención dos terreos necesarios para a execución da obra “Abastecemento Ames – Brión. 1º fase”, separatas 1 e 2.**

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Deixar sen efecto o acordo plenario de 28 de maio de 2009 de inicio de expediente de expropiación forzosa dos terreos necesarios para a execución das obras “Abastecemento en Ames-Brión 1ª fase (OH.215.799)”.

**Segundo.-** Aprobar inicialmente a relación de bens e dereitos a expropiar que figuran na separata denominada “Obra: Abastecemento en Ames e Brión (1ª Fase). Relación de Bens e dereitos Afectados”, subscrita polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, don Julio C. Rojo Martínez, de data agosto de 2013, e cuxa ocupación se considera necesaria a efectos de expropiación forzosa polo procedemento de urxencia que se prevé no artigo 52 da LEF.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe de noventa e seis mil cento cincuenta e cinco euros con sesenta e nove céntimos (96.155,69€), cantidade á que ascende o importe de xustiprezo e indemnizacións estimadas como resultantes deste expediente de expropiación forzosa, con cargo á partida 161.00.00 do vixente orzamento municipal.

**Cuarto.-** Facer pública a relación concreta e individualizada dos bens e dereitos e abrir un trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncios no BOP e nun dos periódicos de maior difusión da provincia, no taboleiro de edictos e páxina Web municipal. Tamén se notificará individualmente ás persoas interesadas.

**Quinto.-** Facultar o señor alcalde presidente para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

### **C) PARA CONTROL DO GOBERNO:**

#### **Punto quinto.- Rogos e Preguntas**

##### **Rogos.**

Intervén o concelleiro, don **X. Anxo Doval Rey**, para formular os seguintes rogos:

**Primeiro rogo.-** Un rogo referido aos servizos administrativos do concello, hoxe aprobamos tres actas, o mes pasado aprobamos unha acta de febreiro. En todos os plenos estamos aprobando dúas e tres actas, e isto é polo traballo que hai nos servizos administrativos do concello, así que rogo que por favor se pase do tema do 10% da taxa de reposición de efectivos, e se dote da plantilla administrativa necesaria. Non podemos ter os mesmos efectivos para unha poboación de 30.000 habitantes que cando tiñamos pouco mais de 20.000; ou que polo menos se reestructuren os servizos administrativos de forma adecuada para que se podan prestar dunha maneira correcta, e levemos, por exemplo, as actas ao día, e non que ande agobiado o persoal de administración escoitando e pasando actas e tendo nós que aprobalas con dous, tres ou catro meses de tardanza. Rogo que se reformen os servizos administrativos tanto por isto como por outras cuestións e se doten dos efectivos necesarios para facer o traballo con tempo e sen agobios.

**Segundo rogo.-** Igual que cando hai que dar caña a dou, cando teño que recoñecer algo que se fai ben o fago. Referido aos servizos deportivos municipais, creo que foi xa no primeiro pleno desta lexislatura no que eu reclamaba que o concello se fixera cargo dos gastos derivados das prácticas deportivas, como luz, auga, etc., nas infraestruturas propiedade do concello, falaba que non era normal que aqueles clubs de fóra que utilizaban un campo municipal non pagaran nada e por exemplo o Bugallido ou o Biduído si. Coñecín por parte da concelleira de deportes que isto se vai facer xa, e o recoñezo.

Intervén a concelleira, dona **Pilar Candocia Pita**, para formular os seguintes rogos:

**Terceiro rogo.-** Señor alcalde, xa sabe que estou ofrecida a facer o rogo de que se traian a aprobación plenaria os regulamentos de pleno e de participación cidadá. Rogo que se traian.

**Cuarto rogo.-** Este rogo afecta a varias concellarías, pero fágollo ao alcalde, que é quen por extensión representa a todas. É un rogo referido ao abandono do espazo público en xeral. Está a chegar o inverno, hai un montón de losetas soltas, estivemos durante todo o verán dicindo que moitos veciños nos indicaban que en xeral estaba a trama urbana desfeita, e logo a auga xa saben o que provoca. Vai chegar o inverno e nos imos ver cos mesmos problemas do ano pasado. Non só isto, senón todo o que ten que ver coa limpeza dos espazos públicos, que nos arredores das superficies comerciais non se faga abuso, como por exemplo Carrefour, son sufridora como comerciante de que o concello se faga cargo da limpeza dos seus propios contedores. Son moitos os veciños que fan queixas continuas, e nós, cada vez que nos chega unha a trasladamos. Rogamos que se faga unha planificación deste tipo de obras pequenas, para que polo menos haxa un mapa do que hai facer, e logo se priorice.

**Quinto rogo.-** Rogo que se resolva dunha vez esa zona de lixo que non recolle FCC porque non estaba incluída ¿Está resolto?. Hai un mes estaba sen resolver, os traballadores do concello estaban levando lixo para a urbanización da piscina, a dos edificios de cores, o mes pasado aínda se levou lixo alí.

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: Está arranxado.

Continúa a señora **Candocia**: ¿está ampliado o contrato? porque hoxe cando pasei por alí estaban os contedores abertos de par en par, pero se me din que está arranxado xa non teño mais rogos.

Intervén o concelleiro do grupo municipal socialista, don **José Francisco Doval Galán**, para formular os seguintes rogos:

**Sexto rogo.-** Dende o noso grupo municipal, neste apartado de rogos e preguntas xa fixemos referencia ás beirarrúas, as distintas rúas deterioradas, a pistas asfaltadas e de terra, a parques infantís, etc., e hoxe imos facer referencia ao mantemento de xardinería en xeral. Hai numerosos parques coas herbas queimadas, nos que as árbores están ocupando o espazo público, hai que equivalas cando camiñas pola beirarrúa, habería que podalas, e hai que ter en conta que todos

estes xardíns en verán é cando mais locen e cando se poden disfrutar, non imos esperar á sociedade que denunciáramos do caso concreto da praza de Chavián ou a de Manuel Murguía, que xa citamos varias veces. Rogo que por favor se poña remedio a todo isto, porque estase acabando a época do disfrute destes espazos e de que luzan.

Intervén a concelleira do grupo municipal socialista, dona **Isabel González Cancela**, para formular os seguintes rogos:

**Sétimo rogo.-** Pásannos aviso de que a senda verde que vai de Bertamiráns ao Milladoiro, en concreto o tramo que vai de Quistiláns a Framil, está invadida de silvas e xestas, intransitable. Rogo que se amaíe para que a xente a poida disfrutar.

Intervén a concelleira do grupo municipal socialista, dona **Carmen Fraga Crespo**, para formular os seguintes rogos:

**Oitavo rogo.-** O meu rogo vai dirixido ao concelleiro de obras, que nunca me fai caso, aínda que lle fago mil rogos ¿lembra que fomos ver unha pista ao centro da aldea de Trasmonte e que vostede lle prometeu á señora que de alí a 15 días estaría resolto o problema dos baches e de limpar a maleza? Nesa pista os coches ao chegar alí teñen que dar a volta porque non se pode pasar.

Intervén o concelleiro delegado de Vías, Obras, Parques, Xardíns, Patrimonio e Urbanismo, don **Alfredo Taboada Alvelo**, para contestar: Aí coincidiu que me esquecín.

Continúa a señora **Fraga**: Pois non hai que esquecerse, hai que coller unha libretiña e apuntar, porque é un concello grande e todo na cabeza non pode caber. Quero que saiba que alí non pode entrar o tractor e os veciños están moi enfadados con vostede porque lles deu palabra e non a cumpriu. Rogo que se reparen os baches desa pista e se limpe a maleza.

**Noveno rogo.-** Outro rogo que lle fago é sobre os parques infantís, e espero que non llo teña que recordar outra vez.

Continúa o señor **Taboada**: Estanse limpando todos. Hai unha empresa limpando os parques e as aceras, empezaron en Ortoño, e cando terminen alá teñen que empezar outra vez por aquí. Son 18.000 euros para facer todo iso.

Intervén o concelleiro do grupo municipal socialista, don **Francisco Villaverde Marcos**, para formular os seguintes rogos:

**Décimo rogo.-** Sobre as subvencións ás asociacións deportivas que se aprobaron, rogaría que se aboasen o antes posible, porque está empezando a nova tempada e os directivos teñen que adiantar bastantes cartos estando pendentes os cobros anteriores.

**Undécimo rogo.-** Sobre o campo de fútbol de Bertamiráns, xa insistimos Emilio e mais eu varias veces en que as obras pendentes seguen realmente pendentes, hai unha cabina de prensa que non sei se é provisional ou definitiva na que o espazo é moi pequeniño, nas entradas non hai adaptación para discapacitados, e realmente o único que se fixo ate o de agora foi cambiar os bancos, a liga xa empezou o domingo pasado, e por se acaso eu xa rogaría que se fixese antes da próxima tempada.

Intervén a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade, Cultura, Deportes e Benestar Social, dona **María Eugenia Martín Vicente**, para contestar: La cabina es definitiva pero la ubicación no y la estructura exacta tampoco, hai que reubicarla en una zona más accesible.

Intervén o voceiro do grupo municipal socialista, don **José Manuel Miñones Conde**, para formular os seguintes rogos:

**Décimo segundo rogo.-** Rogo que arranxen a Wifi da Casa da Cultura de Bertamiráns, antes era a de Milladoiro e agora é esta. Dixéronnos que leva un ano sen funcionar, e chócanos, pero aínda que non sexa un ano está claro que non funciona. E de paso, se non funciona a do Milladoiro aproveito tamén para rogar que a arranxen.

**Décimo terceiro rogo.-** Rogo, en referencia á liña telefónica do ascensor da Casa da Cultura do Milladoiro, que se estude o funcionamento da mesma, porque sabemos que se arranxou en varias ocasións pero que tamén en varias ocasións volveuse estropear.

Intervén o concelleiro, don **Alfonso Rey López**, para formular os seguintes rogos:

**Décimo cuarto rogo.-** Insisto no rogo feito por Paco Villaverde sobre o pago de subvencións,

porque tamén nos chaman para que traslademos aquí ese rogo.

**Décimo quinto rogo.** Un rogo para o concelleiro de obras, a ver cando lle toca a Biduído, na estrada que vai dende as Buceleiras, porque a metade ten pintadas as liñas laterais e a outra metade non, e o pintado das liñas laterais favorece a boa condución, sobre todo de noite e no inverno.

**Décimo sexto rogo.-** Outro rogo que quero formular é sobre unha actuación no campo de fútbol de Biduído, que está situado nunha zona que se chama As Penedas porque ten penedas, e o ano pasado fixérase unha actuación botándose terra, pero chega o inverno, escorrega a terra e volven quedar as penedas ao aire. Aí cumpría botarlle un camión de terra, estender e tapar un pouco as penedas. Rogo unha actuación semellante á do ano pasado para que iso quede medianamente practicable.

**Décimo sétimo rogo.-** Un rogo sobre a circulación en Biduído. Na zona da rotonda creo que a velocidade está limitada a 60 Km/h, e a pesar de todo os coches van a mais velocidade, polo que non sei se é posible algún tipo de actuación disuasoria. A francesa é quen mais protesta porque xa lle foi alí un coche contra o muro da casa.

Intervén o concelleiro, don **Manuel Ferreiro Santiago**, para formular os seguintes rogos:

**Décimo oitavo rogo.-** Rogo que se amañe un poste de luz que está tirado en Castelo.

**Décimo noveno rogo.-** Rogo que se faga limpeza máis a miúdo e se coloquen contedores na rúa Oliveira en Bertamairáns.

**Vixésimo rogo.-** Rogo que se reordene o tráfico en Agro do Muíño, sobre todo na época lectiva, xa que hai moitos rapaces na beirarrúa.

**Vixésimo primeiro rogo.-** Rogo que se limpe a carretera que baixa cara a praia de Tapia antes dos eventos e non dous días despois, como pasou a fin de semana pasada, que houbo un evento e limpouse hai dous días.

Intervén o concelleiro, don **Emilio Martínez Carballeira**, para formular os seguintes rogos:

**Vixésimo segundo rogo.-** Sigo insistindo en cousas que veño pedindo continuamente e como non se fai caso a ver se por aburrimiento facedes caso. Volvo recordar o paso de peóns do cruce de Ortoño. A xente está protestando, din que é unha necesidade, alí vai pasar calquera accidente, eu creo que non custa tanto traballo pintar alí un paso de cebra.

**Vixésimo terceiro rogo.-** Con respecto á charca que temos aquí ao lado, hai que limpalas porque aí van rapaces que xogan á pelota, levan xoguetes, levan despois as cousas á boca, e eu quixera que pasarades por aí e virades como está a auga, porque incluso ten bichos. Rogo que se limpe.

**Vixésimo cuarto rogo.-** Volvo insistir sobre os contedores e rogo que se limpen.

**Vixésimo quinto rogo.-** Aproveito para rogar, a pesares de telo comentado esta mañá tanto co concelleiro de obras como coa concelleira Eugenia, sobre ese cacho de río que está xunto a "Remigio", que solta uns olores tremendos e creo que habería que darlle unha solución agora, agora e non esperar ao inverno. Teño que dicir que o concelleiro de obras me dixo que se lle ía dar solución, e, se é así, agradézollo, tanto eu como o resto de veciños, sobre todo os que estamos nese entorno.

**Vixésimo sexto rogo.-** Volvo dicir que esa fonte que temos aí ao lado está sen auga, leva catro ou cinco meses sen auga.

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: Ten auga, vaia despois alí botar un grolo para refrescarse.

Continúa o señor **Martínez**: Pois será dende hai pouco.

**Vixésimo sétimo rogo.-** Remítome a todo o que dixo antes o compañeiro Villaverde sobre o campo de fútbol, e parabéns porque agora parece ser que polo menos contamos cuns banquiños axeitados ao mundo do fútbol e non cunha caixa de zapatos como tiñamos.

## **Preguntas.**

Intervén o concelleiro, don **X. Anxo Doval Rey**, para formular as seguintes preguntas:

**Primeira pregunta.-** Como xa se falou das subvencións vou falar das súas consecuencias,

como foi a desaparición das festas mais emblemáticas do concello, algo que vai quedar na súa historia, e veñen por outro lado como se fóramos nós responsables de que non haxa comisións, pero a xente que está con boa vontade colaborando cos veciños acaba cansándose. A Madalena, Ortoño, S. Tomé de Ames, por non falar de Bertamiráns, que foi a última hora e polos pelos. ¿Como non se vai cansar a xente coa axuda que dan dende o concello? Xa non falo do montante económico, que tamén, senón de como se fan as convocatorias, como hai que xustificalas, xa dixen aquí no último pleno como algunhas facturas de determinadas asociacións non foron xustificadas porque custaba mais o IVE que a subvención. Dirán que non son responsables, pero ¿saben dalgún concello que organice as festas importantes do seu concello? festas importantes, digamos as da capital ¿saben dalgún? Cando non é unha asociación ou unha comisión de festas nun núcleo tan importante como o Milladoiro, é responsabilidade do concello facelas, un grupo de goberno que se prece debería de retomar esa situación, buscar persoas que o fixeran. Por unha parte está o tema das convocatorias, coas axudas que están dando, coa minoración que se produciu, están acabando coas actividades das asociacións, que agora mesmo están esmorecendo, apenas teñen actividade. Os clubs deportivos mal que ben van tirando, pero tamén as actividades deportivas menores van a menos coas axudas que están dando dende o concello. Así como antes din parabéns agora digo que é lamentable.

A pregunta é ¿vanse aumentar as contías das convocatorias tanto de asociacións como de clubs como de comisións de festas, vanse aumentar os prazos, é dicir, se se van facer en xaneiro ou febreiro para ter a contía cando as festas comezan e así poder xustificar a tempo; e por último, vaise facilitar doutra maneira a xustificación das subvencións?

**Segunda pregunta.-** Non hai moito, constituíuse definitivamente o GES de Brión-Ames, que creo afecta a toda a comarca, e constituíuse con 12 efectivos, que son os que marca o convenio, para unha poboación -e vou falar só de Brión-Ames- de cerca de 40.000 persoas, e con iso parece que o concello se dá por satisfeito de cumprir coa normativa en canto a que o concello pase a ter o servizo de extinción de incendios. Primeiro, teñen un carácter eminentemente de apagar lumes forestais, e así o define o convenio, fundamentalmente están concibidos para iso, aínda que tamén poidan intervir en zona urbana. Ademais, dende o punto da vista das ratios, o que establece a comunidade europea é de 1 por cada 1.000 habitantes, e se temos 12 para 40.000 estamos en menos dun terzo do que precisaríamos. En cuestión de medios ese GES non pode intervir en determinadas alturas do Milladoiro, porque non ten as escaleiras necesarias. Por tanto non se dean por satisfeitos con isto, que se constitúa o que teña que ser, de forma consorciada con outros concellos, individual ou como sexa, o servizo de extinción de incendios necesario para este concello, porque isto non vale, non cumpre nin as ratios nin ten os medios necesarios. A pregunta é ¿que actuacións levou ou vai levar a cabo este goberno para que Ames teña o equipo de extinción de incendios que precisa e cos medios necesarios?

**Terceira pregunta.-** En referencia á convocatoria da concesión do servizo do ciclo da auga, imos chegar ao mes de setembro e imos perder cartos, e como xa estamos practicamente en setembro pregunto ¿cando imos ter a convocatoria? ¿xa está cuantificado canto vai perder o concello de Ames por non ter feita a convocatoria en tempo? Non estamos falando de mil euros senón de ducias de miles de euros cada ano ¿cales son os prazos que manexa o goberno para que a concesión estea resolta? A empresa dixo que en 15 días mandaría o informe e xa van meses.

Intervén a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade, Cultura, Deportes e Benestar Social, dona **María Eugenia Martín Vicente**, para contestar: En la última comisión se decidiu que se iba a pedir una auditoría a la empresa; a la empresa la estoy llamando yo todas las semanas dos y tres veces, hoy he vuelto a llamarlos y la semana que viene será igual, a mi lo de los 15 días ya me parecía una fantasía.

Continúa o señor **Doval Rey**: Pois este tema hai que solucionalo, o que non pode ser é que a empresa nos teña así por falta de mandar un informe.

Continúa a concelleira, dona **María Eugenia Martín**: Convocamos y decidimos.

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: En relación ao grupo de extinción claro que nos gustaría que tivera máis medios, que houbera ese parque comarcal do que se falaba no seu momento, agora mesmo o parque comarcal non é posible, séguese falando desa posibilidade. Agora temos implantado este sistema, pero non renunciamos

a que haxa un parque comarcal que dea mais cobertura.

Continúa o señor **Doval Rey**: Vou facer unha pequena apostilla ao que acabas de dicir. É responsabilidade do concello. Se a Ames non llo resolve a Xunta, ou non se resolve cun consorcio hai que facer un parque de bombeiros propio, hai moitos concellos que o teñen, e dirás ti que custa moitos cartos, e eu non quero poñer exemplos, pero no accidente de tren de Santiago os responsables ao final a ver quen son.

Continúa o señor **alcalde**: En relación ao asunto das convocatorias de festas, están abertos os prazos, e o IVE das facturas haillo que requirir, teñen que presentar as facturas oficiais.

Intervén o concelleiro delegado de Comercio, Promoción Económica, Traballo, Turismo, Educación, Servizos Complementarios e Xuventude, don **Bernardo Moar Míguez**, para dicir: Señor Doval ¿vostede cree que o problema da festa do Milladoiro foi o pago da subvención do concello? Gustaríame, como bo galego, responderlle cunha pregunta ¿canto se pagou nos anos 2010 e 2011 á asociación cultural A Madalena?

Continúa o señor **Doval Rey**: Eu non estaba na corporación e non o sei.

Continúa o señor **Moar**: Debería de informarse, infórmese.

Continúa o señor **Doval Rey**: Eu infórmome e falo coa xente, e sei que a xente está deixando as comisións de festas pola falta de apoio do concello, iso fixo, incluso está por escrito.

Continúa o señor **Moar**: Fóra desta sala de sesións, se quere, doulle un teléfono.

Continúa o señor **Doval Rey**: A realidade é que non hai esas festas e o Concello ten que asumilo, se non o fai ninguén ten que facelo o Concello.

Intervén a concelleira, dona **Pilar Candocia Pita**, para formular as seguintes preguntas:

**Cuarta pregunta.-** Para o concelleiro Alfredo Taboada ¿que pasa coa rúa Rosaleda? ¿cando se van facer esas obras? é a terceira vez que pregunto, en xuño, en xullo, en agosto, xa non o lembro.

Intervén o concelleiro delegado de Vías, Obras, Parques, Xardíns, Patrimonio e Urbanismo, don **Alfredo Taboada Alvelo**, para contestar: Esta semana firma o contratista e xa poden empezar, incluso teño a esperanza de que podan firmar mañá.

**Quinta pregunta.-** Sobre as hortas urbanas ¿en que estado están? Porque remata o verán e o razoable era que puidera empezar nos meses de verán.

Intervén a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade, Cultura, Deportes e Benestar Social, dona **María Eugenia Martín Vicente**, para contestar: En setembro se van a facer los sorteos.

Continúa a señora **Candocia**: ¿Xa está comprado o material, colocadas as casetas e todo iso?

Continúa a señora **Martín**: Está ya todo listo, preparado para facer el sorteo y que empiece el cultivo cuando tiene que empezar.

**Sexta pregunta.-** Unha pregunta dirixida ao alcalde referente a que no último pleno dende Ames Novo presentamos unha moción que se transformou nun rogo coa intención de que os servizos técnicos elaboraran os informes para que puidese ser introducida na orde do día. Trataba de considerar dentro da unidade familiar os xóvenes ate os 25 anos ¿en que situación está iso?, non veu a este pleno, como quedamos.

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: Mandei un escrito o día 14 de agosto dicíndolle que se lle dera traslado aos servizos económicos, que están co asunto.

Intervén o interventor, don **José Antonio Rueda de Valenzuela**, para dicir: Está en redacción.

Continúa a señora **Candocia**: Ou sexa ¿poderá vir ao próximo pleno?

Contesta o **interventor**: Non sei cando virán as ordenanzas.

Continúa a señora **Candocia**: ¿Virá co resto das ordenanzas, entón?

Contesta o **interventor**: Previsiblemente.

**Sétima pregunta.-** Unha pregunta dirixida ao concelleiro Bernardo Moar ou ao alcalde, por ser

unha cuestión institucional. Cando foi a visita do concelleiro de educación ás obras de Ventín ¿foi convidada a ANPA? Dígoo porque aquí en varias ocasións fixemos a petición explícita de ser invitados a estas cousas, e cando nos queixamos por non ser convidados os políticos, queixámonos non só por nós, senón sobre todo por que non se invite á cidadanía. Non estaban alí, e descoñezo se non estaban porque era período vacacional e non eran localizables ou por que, por iso pregunto se se lles convidou.

Intervén o concelleiro delegado de Comercio, Promoción Económica, Traballo, Turismo, Educación, Servizos Complementarios e Xuventude, don **Bernardo Moar Míguez**, para contestar: Non foron convidados.

Continúa a señora **Candocia**: Pois eu non entendo que se faga tanta extensión aquí e que o concelleiro de educación nos diga que sempre asume as mocións que se presentan, os rogos, etc., e logo non se faga nada, como se está demostrando. Por favor, que para outra ocasión sexan convidadas a ANPAs ou as asociacións que correspondan se se trata doutra área, porque a cidadanía ten que estar presente cos seus representantes, e xa que non temos consello de participación, cando menos que vaian aquelas asociacións que teñen que ver co tema, neste caso, un tema de educación, temos ANPAs en todos os centros de ensino.

**Oitava pregunta.-** Dirixida ao señor Moar ¿en que estado están as pequenas obras da posta a punto dos colexios, as limpezas iniciais, que supoño que se farán en todos os centros?. Algunhas téñoas na cabeza, como o grande problema que plantexa a entrada do CEIP A Maía, onde hai un emparrado que bota moita folla e xera un limo que é unha pista de patinaxe, o cal tendo en conta que é en pendente hai que buscarlle solución. Outra é a charqueira que se monta xusto diante da porta de entrada do colexio, levamos os nenos en autobús ate a porta pero se resulta que teñen que cruzar un charco que chega aos tobillos a ver de que serve. E hai mais cousas que resolver, como o problema do tráfico, do que sei que a policía local estaba facendo un estudo para ver como se podería desviar ¿iso está ou non? Dende logo hai que poñer xa o punto sobre o problema gravísimo do aparcamento do instituto, vai haber mortes, e non o digo para facer demagogia, o digo porque hai gravacións en vídeo das entradas e é caótico. Como non se resolva imos ter calquera día un problema moi serio e imos botar a man á cabeza todos, xa sei que iso está así dende hai moito tempo, que é responsabilidade de todos, pero hai que solucionalo xa, ademais nese centro cada vez hai maáis nenos, coinciden os horarios do instituto e do CEIP e aquilo é moi complicado. Penso que isto é unha necesidade de primeira orde, facer austeridade e decidir onde se recorta, dende logo niso non, señor alcalde, niso non se pode recortar porque se trata de vidas.

Intervén o concelleiro delegado de Comercio, Promoción Económica, Traballo, Turismo, Educación, Servizos Complementarios e Xuventude, don **Bernardo Moar Míguez**, para contestar: O aparcamento do IES está recentemente asfaltado.

Continúa a señora **Candocia**: ¿E a alternativa que había de facer un aparcadoiro na parte de atrás do centro, en que situación está? é unha obra de diñeiro, pero de verdade que niso non se pode recortar.

Continúa o señor **Moar**: Se me permite remato de contestarlle. O aparcadoiro foi acondicionado, conseguíronse máis prazas, esta semana espero que se poidan pintar, e probablemente se modifique o trazado do tráfico.

Intervén o concelleiro do grupo municipal socialista ,don **José Francisco Doval Galán**, para formular as seguintes preguntas:

**Novena pregunta.-** En referencia ao que se acaba de falar das ANPAs, tamén o tiñamos nós para preguntar, e pregunto ao señor Moar ¿por que non foi invitada a ANPA de Ventín, cal foi a causa?

Contesta o señor **Moar**: Sencillamente por despiste.

**Décima pregunta.-** No solar da Escola Infantil, que estaba en obras, estes días houbo de novo actividade ¿que están a facer? ¿reiniciáronse as obras ou foi unha cuestión puntual? ¿por que estiveron paradas ate o de agora?

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: Na urbanización as obras reiniciáronse a mediados do mes de xullo, retomáronse as obras de toda esa área. Paráronse por falta de financiación e agora continuaron.



Intervén a concelleira do grupo municipal socialista dona **Isabel González Cancela** para formular as seguintes preguntas:

**Undécima pregunta.-** No mes de agosto preguntamos por escrito, e non se nos contestou, se se pedira a subvención para drogodependencias.

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: Creo que contestar contestouse, pero mirámolo.

**Décimo segunda pregunta.-** ¿Como está o asunto do concurso sobre o Transporte Adaptado?

Intervén a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade, Cultura, Deportes e Benestar Social, dona **María Eugenia Martín Vicente**, para contestar: Yo te pasé un reglamento para saber tu opinión y no he vuelto a tener noticias tuyas, te he preguntado varias veces y en cuanto me digas algo se convoca.

Continúa a señora **González Cancela**: ¿Quérenme dicir que están pendentes de min?

Di o señor **alcalde**: Sempre está preguntando e tívose a deferencia de preguntarlle.

Continúa a señora **Martín**: Ya le pregunté varias veces.

**Décimo terceira pregunta.-** Continúa a señora **González Cancela**: ¿Que empresa vai levar o tema dos lúdicos?

Intervén o concelleiro delegado de Comercio, Promoción Económica, Traballo, Turismo, Educación, Servizos Complementarios e Xuventude, don **Bernardo Moar Míguez**, para contestar: Tanto no Milladoiro como en Bertamiráns vaino levar a empresa Órbita infantil.

**Décimo cuarta pregunta.-** Na Casa da Cultura de Bertamiráns un dos conserxes leva de baixa dende mediados de maio e non se cubriu a súa baixa ¿quen está facendo agora os labores de conserxe e quen é o responsable de que non se cubra esta baixa?

Intervén a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade, Cultura, Deportes e Benestar Social, dona **María Eugenia Martín Vicente**, para contestar: No se puede contratar para cubrir bajas.

Toma a palabra o alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: Miraremos iso.

Intervén o interventor, don **José Antonio Rueda** de Valenzuela ,para dicir: Hai que seguir cotizando, non cubre todo a seguridade social.

Continúa a señora **González Cancela**: O mesmo pasa coa persoa que leva o departamento de Mocidade, que está de baixa por maternidade ¿quen é a persoa que está exercendo estas funcións? Cando foi o caso da baixa por maternidade de Elisa, contratárase outra persoa.

Intervén o interventor, don **José Antonio Rueda de Valenzuela**, para dicir: Pero non nas mesmas condicións, fóra a xornada parcial, creo. En todo caso, eu simplemente quería dicir que cando alguén está de baixa segue habendo un custe polo feito da cotización e dos complementos.

Di a señora **González Cancela**: En todo caso pregunto quen son as persoas que están exercendo esas funcións.

Intervén o concelleiro do grupo municipal socialista, don **Francisco Villaverde Marcos**, para formular as seguintes preguntas:

**Décimo quinta pregunta.-** Informaron veciños de Gasamáns en Agrón que parece que se está facendo algunha obra alí de saneamento ¿é así? ¿cando se poderá xa ter o enganche dese saneamento?

**Décimo sexta pregunta.-** Dirixida ao señor alcalde ¿imos ter este ano novo orzamento ou prorrogalo?

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: Informareille máis adiante.

Intervén o voceiro do grupo municipal socialista, don **José Manuel Miñones Conde**, para formular as seguintes preguntas:

**Décimo sétima pregunta.-** Sobre a solicitude que fixeramos de nulidade da comisión da auga ¿pediuse informe a secretaría?

**Décimo oitava pregunta.-** Se se pediu informe sobre esa nulidade, porque saíra así na prensa

¿en que estado está?

**Décimo novena pregunta.-** Sobre as beirarrúas de Alca. Cando no mes de decembro de 2012 nós negociamos o POS, unha das obras que expuxemos foi precisamente a das beirarrúas de Alca. Nesa reunión díxéraseme que era unha obra que o goberno tiña previsto facer en breve. Estamos xa en agosto de 2013 e a pregunta é ¿está planificada esa obra ou non?

Intervén o concelleiro delegado de Vías, Obras, Parques, Xardíns, Patrimonio e Urbanismo, don **Alfredo Taboada Alvelo**, para contestar: Non está planificada.

**Vixésima pregunta.-** Tendo en conta o que se falou anteriormente do asunto da potabilizadora, gustaríame saber ¿por que non se nos entregou o informe xeotécnico de 2012 da Xunta de Galicia, ate en tres ocasións pedido, que se mostrou aquí, amosouno a concelleira?

**Vixésimo primeira pregunta.** En relación ao mesmo asunto ¿Por que dende agosto de 2012, en que saíu a sentenza, ate decembro non se fixo a expropiación e pediuse unha terceira parcela?

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: En relación á comisión, pediuse un informe á secretaría que está pendente de remitir, cando o teñamos, darase traslado.

Intervén o concelleiro, don **Alfonso Rey López**, para formular as seguintes preguntas:

**Vixésimo segunda pregunta.** No pleno pasado fixera unha pregunta sobre os obradoiros e contestóuseme textualmente o que vou ler. Quero preguntar se hai que interpretar o que interpreto eu co que aquí se quere dicir, porque unha vez mais a redacción é deficitaria por culpa dun “que” *A planificación do departamento de Cultura do Concello de Ames prevé que a sinatura de convenios coas entidades culturais municipais a partires do mes de setembro, de xeito que estes se estendan ao longo do curso completo 2013-2014. Así pois, en próximas datas darase paso á sinatura dos mencionados convenios.* O que eu pregunto é ¿debo interpretar que a planificación do departamento de Cultura do Concello de Ames prevé a sinatura de convenios coas entidades culturais municipais? Eu interpreto sen ese *que* porque creo que ten sentido, co *que* non ten sentido.

Toma a palabra o señor alcalde don **Santiago V. Amor Barreiro** para contestar: Miraremos se hai algún erro.

Intervén o concelleiro, don **Ramón García Argibay**, para formular as seguintes preguntas:

**Vixésimo terceira pregunta.** Lin nos decretos que estanse devolvendo as taxas en torno a corenta persoas do mercadillo, vostede traballou arreo, iso seino. A pregunta é ¿estanse devolvendo porque se perdoaron as taxas -entre comillas perdoáronse- ou porque se foron e por iso estanse devolvendo as taxas?

Intervén a concelleira, dona **María Dolores Fernández Álvarez**, para formular as seguintes preguntas:

**Vixésimo cuarta pregunta.** ¿Cuándo van a salir las ayudas a familias numerosas del año 2012?

Toma a palabra o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**, para contestar: Contestarémolle por escrito.

Intervén o concelleiro, don **Emilio Martínez Carballeira**, para formular as seguintes preguntas:

**Vixésimo quinta pregunta.** Antonte déronme contestación a unha serie de preguntas que formulara no pleno anterior. O escrito de remisión está firmado por vostede e as preguntas que se me contestan son por parte da concelleira de Deportes e Medio ambiente e do concelleiro de Vías e obras. Quero facer algunha matización respecto destas contestacións. Empezo pola resposta que me dan en relación á recepción do Bertamiráns F.C. *A recepción ao Bertamiráns está pendente de que o Clube nos confirme unha data para a realización da mesma.*

Señora concelleira de deportes, que o Bertamiráns queira ou non que se lle faga esa recepción é cousa deles, pero aquí non só se nomeou ao Bertamiráns ¿que pasa, que nos esquecemos do Milladoiro? ¿que contestaron do Milladoiro?

Contesta o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**: Formule as súas preguntas e despois contestarémolle.

**Vixésimo sexta pregunta.** En relación á recolocación dos contedores da Avda. da Maía

contéstaseme que *Está pasado o aviso correspondente á empresa e procederase a efectuar estas ubicacións en canto sexa posible* ¿que foi, o primeiro aviso que se lle pasou a esta empresa despois de tanto tempo? Xa o dixen no goberno anterior. Cando estabamos no goberno díxeno cantidade de veces, e tal e como se me responde dáme a impresión de que parece como que se me quixera dicir que foi a primeira vez que se avisou á empresa.

**Vixésimo sétima pregunta.** Con respecto a unha área onde instalar unha serie de complementos para os nosos maiores e que poidan exercitarse, dinme *Estase valorando o custe económico da instalación destes complementos, de cara a valorar a procedencia da súa colocación en determinados parques municipais*. A área que eu propuxera era no paseo fluvial e vostedes dixéranme que posiblemente iría na parcela do Ameneiral; a miña pregunta é a seguinte ¿en que lugar se van colocar estes complementos? ¿temos claro que se vai colocar aí isto? ¿para este ano xa non vai ser posible, non?

**Vixésimo oitava pregunta.** En referencia ao aparcadoiro que existe detrás das instalacións da policía local contéstame o compañeiro Alfredo *Está prevista a realización dunha actuación no aparcadoiro, consistente na extensión de zahorra natural e posterior compactación e humectación da mesma* ¿como van vostedes a pensar en arranxar esa leira cando fai mais de tres meses que non falaron cos propietarios?

Intervén o concelleiro delegado de Vías, Obras, Parques, Xardíns, Patrimonio e Urbanismo, don **Alfredo Taboada Alvelo**, para contestar: Non é a leira a que se vai acondicionar.

Continúa o señor **Martínez**: Eu estoume referindo á *leira-parking*, a que está levantada?

Continúa o señor **Taboada**: Eu estouche contestando ao parking, non falo da leira.

Continúa o señor **Martínez**: Pois rógole que me conteste á situación da leira.

Contesta o señor alcalde, don **Santiago V. Amor Barreiro**: Respecto á pregunta da parcela cos complementos de ximnasia, cando teñamos definida a zona comunicarémollos.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o señor alcalde presidente deu por rematado o acto e levantou a sesión ás vinte e unha horas e corenta minutos día 29 de agosto de 2013, de todo o que eu, como secretaria, certifico.

Vº Prace  
O alcalde

A secretaria